

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019426	IES Coruxo	Vigo	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	28
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	31
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	36

1. Introducción

As nosas decisións programáticas obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 3º de ESO continúa as liñas dos cursos anteriores na etapa coa novidade do achegamento á historia da literatura galega. Preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura, «Antre dous séculos».

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o catalán e o portugués, especialmente este último.

Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para 3º de ESO está articulada arredor de nove unidades didácticas. As devanditas unidades están articuladas segundo a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A escolla das obras de lectura obrigatoria propostas para cada trimestre obedece aos seguintes criterios que se lles aplican á ducia de obras que se len ao longo da etapa:

- A inclusión de obras representativas do noso corpus literario.
- A inclusión de autoras e autores con obra salientable de xeito que non se repita ningún.
- A inclusión de temáticas actualizadas e atractivas para o noso alumnado que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (igualdade, dereitos humanos, benestar animal, conciencia ambiental...).
- A non repetición de temas.

- E a presenza de todos os xéneros ao longo da etapa: narrativa, poesía, teatro, ensaio divulgativo e cómic.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Na procura dos soños	- Texto inicial: Na procura dos soños. Deporte e superación.	11	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Na procura dos soños	<ul style="list-style-type: none"> - Bloque Comunicación: Lectura: «Corredora» (Corredora, María Reimóndez). O alumnado ampliará o vocabulario sobre os deportes. Os xentilicios. Estudo dos textos: os textos e as súas propiedades. Obradoiro de comunicación. A exposición oral.. - Bloque de Educación Literaria: As propostas de lectura guiada estarán centradas na literatura galego-portuguesa. A cantiga de amor e a cantiga de amigo. Obradoiro literario: Comentario de texto. - Bloque de Reflexión sobre a lingua: O alumnado repasará en Ortografía a acentuación. En Gramática afondará sobre a as unidades lingüísticas (do fonema ao texto). - Bloque as linguas e os seus falantes integrará o estudo sobre o nacemento da lingua galego-portuguesa. - Desafíos que deixan pegada: Lectura. - Reflexión. 	11	11	X		
2	Romper barreiras	<p>Texto inicial: romper barreiras. Dereitos da infancia</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque Comunicación: Lectura: «Loretta Count» (Os corpos invisibles, Emma Pedreira). O alumnado ampliará o vocabulario sobre a cidade. Os termos contrarios. Elementos dos textos narrativos. Obradoiro de comunicación. O monólogo. - Bloque de Educación Literaria. As propostas de lectura guiada estarán centradas nas Cantigas de escarnio e os Xéneros menores. Comentario de texto. Obradoiro Literario. - Bloque de Reflexión sobre a lingua O alumnado afondará en Gramática sobre a palabra e as clases de palabras pero tamén Familia léxica e en Ortografía estudarán o acento diacrítico e a diérese. - Bloque as linguas e os seus falantes integrará o estudo do galego como lingua románica. 	11	11	X		
3	SOS infancia	<p>.Bloque Comunicación: Lectura: «Susana diante do espello» (A nena do abrigo de astracán. Xabier P. Docampo). O alumnado ampliará o vocabulario sobre as lembranzas e os antropónimos. Os textos descritivos . Obradoiro de comunicación. O vídeo-tutorial.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque de Educación Literaria. As propostas de lectura guiada estarán centradas na Lírica relixiosa e a prosa 	11	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	SOS infancia	<p>medieval. As cantigas de Santa María. Exemplos de prosa medieval. Comentario de texto. Obradoiro literario Creación dun cómic.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque de Reflexión sobre a lingua O alumnado afondará en Gramática sobre o substantivo, o xénero e número e en Ortografía estudarán o uso do punto, da coma e do punto e coma. - Bloque as linguas e os seus falantes integrará o estudo das linguas da península ibérica. - Desafíos que deixan pegada: Lectura. - Reflexión. 	11	11	X		
4	Diáspora	<p>Texto inicial: Diáspora (viaxeiros forzosos) e a súa problemática.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque Comunicación: Lectura: «Lola» (Memoria do silencio. Eva Mejuto). O alumnado ampliará o vocabulario sobre os medos e arrepiós e expresións fraseolóxicas interesantes. os antroponimos. O diálogo. o diálogo nos textos narrativos. Obradoiro de comunicación. O podcast. - Bloque de Educación Literaria. As propostas de lectura guiada estarán centradas na literatura nos séculos XVI-XVII, na literatura no século XIX, Obradoiro literario sobre a poesía visual, caligrama. Comentario de texto. - Bloque de Reflexión sobre a lingua O alumnado afondará en Gramática sobre o adxectivo, o xénero e número do adxectivo, grao superlativo e en Ortografía estudarán o uso dos dous puntos, puntos suspensivos, comiñas e a raia. - Bloque as linguas e os seus falantes integrará o estudo do galego medio, o galego no século XIX. - Desafíos que deixan pegada: Lectura. - Reflexión. 	11	10		X	
5	Amigos incondicionais	<p>Texto inicial: Amigos incondicionais, sobre os dereitos dos animais.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque Comunicación: Lectura: «Animais que curan» (Nós Diario). O alumnado ampliará o vocabulario sobre os animais e a creación dos campos semánticos. Os textos expositivos. Obradoiro de comunicación. O texto e o vídeo expositivo. - Bloque de Educación Literaria. As 	11	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Amigos incondicionais	<p>propostas de lectura guiada estarán centradas na literatura de Rosalía de Castro. Obradoiro Literario. Comentario de texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque de Reflexión sobre a lingua <p>O alumnado afondará en Gramática sobre os determinantes e en Ortografía practicarán as maiúsculas e as minúsculas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque as linguas e os seus falantes integrará o estudo da lusofonía. - Desafíos que deixan pegada: Lectura. - Reflexión. 	11	12		X	
6	Igualdade de xénero	<p>Texto inicial: Igualdade de xénero. Discriminación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque Comunicación: Lectura: «Nenas: pola igualdade e contra a discriminación» (Revista de Unicef Comité Español, xullo 2019). O alumnado ampliará o vocabulario sobre a saúde e algúns neoloxismos. Os textos argumentativos. Obradoiro de comunicación. As redes sociais. - Bloque de Educación Literaria. As propostas de lectura guiada estarán centradas na literatura de Curros Enríquez. Obradoiro literario. Comentario de texto. - Bloque de Reflexión sobre a lingua <p>O alumnado afondará en Gramática sobre os pronomes e en Ortografía practicarán o uso de b, v e h.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque as linguas e os seus falantes integrará o estudo das variedades lingüísticas do galego. - Desafíos que deixan pegada: Lectura. - Reflexión 	11	12		X	
7	Luces, cámara, acción	<p>Texto inicial: Luces...Cámara...Acción</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque Comunicación: Lectura: «Entrevista con María Mera» (María Yañez@myanllo). O alumnado ampliará o vocabulario sobre o cine, os préstamos e os estranxeirismos. Os xéneros xornalísticos e as entrevistas. Obradoiro de Comunicación (A entrevista) - Bloque de Educación Literaria. As propostas de lectura guiada estarán centradas na literatura de Eduardo Pondal. Obradoiro literario. Comentario de texto. - Bloque de Reflexión sobre a lingua <p>O alumnado afondará en Gramática sobre o verbo, os verbos regulares, irregulares, formas nominais, perífrases verbais e en</p>	11	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Luces, cámara, acción	<p>Ortografía practicarán o uso de s ou x.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque as linguas e os seus falantes integrará a lingua estándar, vulgarismos, hipergaleguismos, dialectalismos e castelanismos. 	11	10			X
8	Especies invasoras	<p>Texto inicial: Especies invasoras.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque Comunicación: Lectura: «Ameaza amarela» (Nós Diario). O alumnado ampliará o vocabulario sobre a paisaxe, a natureza, as árbores e os cambios semánticos. Os xéneros xornalísticos, a reportaxe e os xéneros de opinión. Obradoiro de Comunicación (A reportaxe) - Bloque de Educación Literaria. As propostas de lectura guiada estarán centradas na narrativa do século XIX. Obradoiro literario. Comentario de texto. - Bloque de Reflexión sobre a lingua O alumnado afondará en Gramática sobre o as palabras invariables (adverbio, preposición e conxunción) e en Ortografía practicarán o emprego correcto das grafías l, ll, n e ñ. - Bloque as linguas e os seus falantes integrará os prexuízos lingüísticos - Desafíos que deixan pegada: Lectura. - Reflexión. 	11	8			X
9	Filtrando a publicidade	<p>Texto inicial: Filtrando a publicidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bloque Comunicación: Lectura: «Publicidade e roles de xénero ou como alimentarse de estereotipos» (www.comunicacionygenero.com). O alumnado ampliará o vocabulario sobre a publicidade e reflexionará sobre o eufemismo e o disfemismo. O texto publicitario. Obradoiro de Comunicación (Anuncio publicitario) - Bloque de Educación Literaria. As propostas de lectura guiada estarán centradas nos contos, lendas, cantigas, adiviñas...Obradoiro literario. Comentario de texto. - Bloque de Reflexión sobre a lingua O alumnado afondará en Gramática sobre o as unidades sintácticas e en Ortografía practicarán o uso de grupos consonánticos. - Bloque as linguas e os seus falantes integrará o plurilingüismo. - Desafíos que deixan pegada: Lectura. - Reflexión 	12	20			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Filtrando a publicidade		12	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Na procura dos soños	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	O alumnado, como mínimo, sabe explicar a historia da nosa lingua, a parte diferencial da historia da lingua portuguesa, identifica en textos as diferenzas entre ambas linguas e coñece léxico básico portugués.	PE	99
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo sabe explicar as características que diferencian a lingua oral e a lingua escrita valéndose de exemplificacións propias.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado, como mínimo, realiza buscas avanzadas no dicionario da lingua dunha maneira correcta para responder a necesidades lingüísticas concretas.		
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	O alumnado, como mínimo, identifica nun texto as características máis básicas dun texto en catalán.	TI	1

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

Contidos
- Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes.

UD	Título da UD	Duración
2	Romper barreiras	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, realiza tras a lectura íntegra dunha obra literaria de temática sociolingüística, unha análise apropiada da obra relacionándoa cos fenómenos de linguas en contacto.	PE	100
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e analiza nunha cantiga medieval a finalidade, a temática, as personaxes, o xénero e subxénero de maneira satisfactoria.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, pon en relación unha cantiga coa literatura da época, coa evolución do xénero e coa arte actual dunha maneira satisfactoria.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou a súa forma.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo, identifica nun texto as diferentes unidades lingüísticas e as funcións que as constitúen.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado, como mínimo, localiza e explica a funcionalidade dos recursos formais nunha cantiga medieval.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	SOS infancia	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuizos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumnado identifica e cuestiona os prexuizos e estereotipos lingüísticos con actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado, como mínimo, entrega un posible traballo de investigación nº 1 sobre a apreciación das linguas na súa contorna en formato dixital respectando os requisitos formais e de contido indicados previamente.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, entrega un posible traballo de investigación en formato dixital respectando a coherencia, cohesión e adecuación textuais, co corrector pasado e sen erros propios da falta de lectura atenta (p.ex. letras repetidas, palabras unidas, faltas de espazos...).		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado expón oralmente un traballo previo no caso de que se faga, como mínimo, en rexistro culto, con fluidez, coherencia e cohesión, con uso correcto dos elementos non verbais e con contido apropiado e de interese.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado debe na súa exposición oral do traballo que se poida mandar realizar, como mínimo, utilizar de maneira correcta todo o paradigma verbal atendendo especialmente ao emprego axeitado do infinitivo persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...). - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
4	Diáspora	10

Critérios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, xustifica a presenza dos Séculos Escuros na nosa historia cultural e comprende e analiza un texto pondaliano.	PE	80
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo recoñece os diferentes afixos para a mudanza de categoría e o seu significado e crea constelacións léxicas dunha palabra mediante a utilización de afixos.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, realiza e explica un esquema, un resumo e un mapa conceptual a partir dun texto dado e define algúns dos termos aparecidos nel.	TI	20
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, como mínimo, utiliza nunha explicación oral mecanismos de referencia interna de carácter léxico por nominalización e hiperonimia abstracta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicióni - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
5	Amigos incondicionais	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, realiza ,tras a lectura íntegra da obra literaria indicada, unha análise apropiada do volume seguindo as indicacións proporcionadas polo profesorado da materia.	PE	95
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e analiza un texto rosaliano aplicando un modelo de comentario previamente traballado na aula.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, é capaz de poñer en relación a obra rosaliana coa literatura da época, coa evolución do xénero lírico e coa arte actual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou á súa forma..		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Ao longo da proba o alumnado, como mínimo, emprega en varias ocasións o infinitivo persoal de maneira correcta na forma e coherente no significado en persoas gramaticais diferentes.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, revisa os seus textos tanto lingüística como literariamente de maneira que neles non se poidan detectar erros debidos á falta da revisión apropiada.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
6	Igualdade de xénero	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado como mínimo recoñecerá os textos máis significativos de Rosalía.	PE	70
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado, na súa proposta poética multimodal recoñecerá referencias ou influencias da obra poética doutros autores galegos indicada de maneira expresa nos créditos.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, poderá recitar de maneira expresiva os textos da súa creación ou da autor en estudo en público.	TI	30
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado poderá entregar un traballo textual multimodal de carácter literario sobre algún valor da adolescencia actual poñéndoo en relación coa obra rosaliana e/ou as súas derivacións posteriores. De non producirse este traballo este 20% engadiríase a CA3.1		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
7	Luces, cámara, acción	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora criticamente o sentido e intencionalidade de mensaxes dos medios de comunicación dadas referidas a unha mesma noticia.	PE	80
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, como mínimo, localiza posibles manipulacións en contidos procedentes dos medios de comunicación.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado, como mínimo, realiza por escrito unha reflexión coherente sobre as posibles manipulacións nas canles de transmisión de información.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado, como mínimo, analiza satisfactoriamente a significación dos elementos non verbais en mensaxes publicitarias.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, identifica a calidade e fiabilidade de informacións procedentes dos medios de comunicación dada.	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, analiza oralmente nunha exposición de 3 minutos 3 mensaxes publicitarias buscadas por el (unha institucional, unha destinada á mocidade, unha que conteña usos discriminatorios) tanto na súa forma como no seu contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos texto - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.

UD	Título da UD	Duración
8	Especies invasoras	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, realiza, tras a lectura íntegra da obra literaria indicada, unha análise apropiada do volume seguindo as indicacións proporcionadas polo profesorado da materia.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e analiza un texto de Curros aplicando un modelo de comentario previamente traballado na aula.	PE	80
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, pon en relación a obra de Curros coa literatura da época, coa evolución do xénero lírico e con manifestacións artísticas da actualidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, é capaz de discrepar, queixarse, ordenar e reprobar dunha maneira empática e construtiva.	TI	20
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	O alumnado, como mínimo, demostra que sabe utilizar de maneira adecuada estratexias na resolución dialogada de conflitos de maneira espontánea.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou a súa forma.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos de continuidade e d - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do

UD	Título da UD	Duración
9	Filtrando a publicidade	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, entrega un podcast cunha reportaxe sobre unha iniciativa de mellora social que esperta interese, respecta as características do xénero e segue as instrucións da profesora.	TI	100
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, como mínimo, inclúe unha entrevista a alguén que garde relación coa devandita iniciativa e demostra as súas actitudes de escoita activa e as súas estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado, como mínimo, entrega unha reportaxe que esperta interese e que respecta as características dese xénero textual, sobre unha iniciativa de mellora social.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado como mínimo entrega a reportaxe co corrector pasado e sen erros propios da falta de lectura atenta (p.ex. letras repetidas, repetición de palabras...).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade, segundo a indicación do pedagogo galego, Miguel Vázquez Freire, trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se imparten, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. De calquera xeito, é preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística significativa.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender segundo a cal, a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso correspóndelle á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse. Por outra banda, é preciso sinalar que sería moi efectivo crear unha liña metodolóxica común entre todos os membros do Departamento de Lingua Galega ao longo de toda a etapa, para evitar cambios ou desaxustes bruscos na/o alumna/o ao mudar de curso. Para iso, é indispensable a estreita cooperación de todos os compoñentes do Departamento.

LIÑAS METODOLÓXICAS:

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. Non esquezamos que a clase de lingua estivo tradicionalmente orientada, na meirande parte dos casos, á realización dunha serie de actividades pouco motivadoras, encamiñadas a conseguir uns contidos formais que dificilmente teñen relación co uso real da lingua.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, a metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego. Por outra parte, somos moi conscientes de que a propia actitude do profesorado inflúe na motivación e rendemento do alumnado, pois como sinalou Jurjo Torres Santomé na súa teoría sobre o currículo oculto, en moitos aspectos, os valores transmitidos informalmente dende as aulas poden ter efectos moito máis determinantes e poderosos que os contidos curriculares explícitos. Teremos isto en conta para que non se produza ningún tipo de desaxuste na conformación do autoconceito nin na traxectoria académica do alumnado.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

-O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

-A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

-O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. A análise do sexismo na publicidade, a comparación de escenas de películas, a elaboración de trípticos... servirían como exemplos que hai que seguir.

-O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade

para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

-A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en practica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumado que precise afondar máis nos contidos.

-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

-O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

-A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa. Buscamos a intercomunicación nos dous idiomas con actividades que favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega. Con este fin, os centros educativos, a través do profesorado de Lingua Galega, o equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos así como a través de programas internacionais, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).

-Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

-A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).

-A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.

-A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquiera os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.

-O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.

-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. Baía Edicións.
Callón Torres, Carlos Manuel (2022) O libro negro da lingua galega . Edicións Xerais de Galicia.
Castro, Rosalía de (2019) Escritos feministas. Fundación Rosalía de Castro.
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do portugués contemporáneo de acordo com a nova ortografía. Lexikon Editora Digital.
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Edicións Xerais de Galicia.
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Edicións Xerais de Galicia.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Edicións Xerais de Galicia.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Edicións Xerais de Galicia.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Galaxia.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998-2003). Gramática da Lingua Galega (Volumes I-II-III e IV,) A Nosa Terra.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Edicións Xerais de Galicia.
Gómez Sánchez, Anxo e Queixas Zas, Mercedes (2001) Historia xeral da literatura galega. A Nosa Terra.
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Edicións Xerais de Galicia.
López Viñas, Xoán; Lourenço Mória, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. Baía Edicións.
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Edicións Xerais de Galicia.
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Edicións Xerais de Galicia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2002) Historia da literatura medieval galego-portuguesa. Sotelo Blanco.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2013) Historia da literatura galega I. Das orixes a 1853. Edicións Xerais de Galicia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2014) Historia da literatura galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento. Edicións Xerais de Galicia.
Queixas Zas, Mercedes (2016) De pergamiños, follas voandeiras e libros ao .gal. Breve historia da literatura galega. Edicións Xerais de Galicia.
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Edicións Xerais de Galicia.
Torres Santomé, Jurjo (1995). O Curriculum oculto. Porto Editora
Vilagrasa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l'Abadia de Montserrat. Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del catalá. Teide

WEBS
Aulas Galegas.Galego (https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/)
Casa de Rosalía. Fundación Rosalía de Castro (https://rosalia.gal/)
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (22 de agosto de 2022). Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa. (http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=MEDDB3:2)
Diccionario castelán-galego. Rinoceronte Editora (https://rinoceronte.gal/diccionario/)
Diccionario de pronuncia da lingua galega (http://ilg.usc.es/pronuncia/)
Diccionario da Real Academia Galega (http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do)
Diccionario visual interactivo (www.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisual/diccionario.html)
Fundación Curros Enríquez (http://www.currosenriquez.es/)
Historia da Literatura Galega. AS-PG (http://literaturagalega.as-pg.gal/)
Rosalía de Castro - A Casa de Rosalía de Castro. Lista de Spotify que recolle versións musicadas da obra de Rosalía de Castro (https://open.spotify.com/playlist/2SjGaDUGMjdcBouKLBSjiw?si=da61844b3ee1403b)
Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia (http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg)

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. En resumo, dispoñemos de:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da Lingua Galega, Portal das Palabras), blogs, aplicacións etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

Tamén se debe contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, escada rolante, muletas etc.). Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

Recursos impresos

Libro del alumnado.
editorial ANAYA

Recursos dixitais os proporcionados pola editorial

¿ Libro dixital. Libro dixital do profesorado con recursos dixitais para cada unidade.

¿ Banco de recursos en anayaeducacion.es. Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da materia de Lingua galegae Literatura.

o Programación, proposta didáctica e documentación do proxecto. Diferentes documentos dirigidos ao profesorado que explican o proxecto e as súas claves, así como acceso ás programacións de aula da unidade e a súa correspondente proposta didáctica.

o Recursos e ferramentas das seccións, Diversidade e inclusión e Avaliación.

o Os meus recursos na web. Recursos web que lle permiten ao alumnado reforzar ou ampliar os contidos da unidade accedendo a diferentes e atractivos recursos dixitais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico, etc. constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, a preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Produción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
- Produción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Á parte disto, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior.

Se fose posible, poderíase pasar un test sociométrico cuxos resultados nos servirán á hora de facer os agrupamentos para as diferentes actividades do curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	11	11	11	11	11	12	100
Proba escrita	99	100	100	80	95	70	80	80	0	77
Táboa de indicadores	1	0	0	20	5	30	20	20	100	23

Criterios de cualificación:

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de proxectos e de actividades centradas na utilización da lingua escrita, o cal redonda na presenza dunha maior porcentaxe das probas escritas, como se pode ver na distribución dos instrumentos de avaliación un 70% de probas escritas, 10% de libros de lectura, 10% de tarefas de

clase e 10% de expresión oral.

Por incompatibilidade cos procesos de avaliación non existe ningún criterio de avaliación nin actividade en solitario cuxa non superación impida que o alumnado supere a materia, pero é requisito imprescindible ter lidos os libros de lectura trimestrais e demostración de que se leron polos medios que o profesorado considere convenientes

--- Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas:

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 3º de ESO non superará os 2 puntos de rebaixa.

Nos casos de avaliación oral é o profesorado do nivel o que establece os criterios de penalización por incorreccións lingüísticas que en ningún caso poderán superar os 2 puntos en 3º de ESO.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

Seguindo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba de 3º de ESO lle corresponderían os 4 puntos de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

--- Cualificación trimestral:

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abranguidas nel aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas.

Se a cualificación é igual ou superior a 5 a nota será e aprobado coa ponderación seguinte: 70% de probas escritas, 10% de libros de lectura, 10% de tarefas de clase e 10% de expresión oral.

--- Cualificación ordinaria:

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres.

--- Cualificación final:

O alumnado para superar a materia deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperacións no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.

Criterios de recuperación:

Farase as probas necesarias para recuperar o realizado nas avaliacións suspensas e que o alumno poida superar os contidos esixidos na distintas avaliacións

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Segundo o artigo 13.5. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso».

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51. da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que alude ao Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar e que dita o seguinte:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

A alumna ou alumno e os seus familiares ou tutores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. As estratexias serán distintas ás empregadas habitualmente na aula co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento máis ríxidos para que a alumna/o non esqueza dedicarse tamén a esa materia.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Os recursos materiais son: computador portátil, impresora, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Empregarase a aula virtual, ABALAR e/ou Edixgal outros medios dixitais.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso no que se atope actualmente para seren corrixiadas, ao tempo que poden consultar dúbidas.

g) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumnado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións presenciais de periodicidade mensual na hora de atención ao alumnado e ás familias. Atenderase a través de medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que

regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para a avaliación do alumnado que ten materias pendentes débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes debeá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da suza repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados.

Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, deberán realizar dúas probas extraordinarias, nos meses de xaneiro e maio. O alumnado que aprobe a primeira metade en xaneiro, só deberá realizar en maio a segunda parte. Aqueles que en xaneiro non superen a proba ou os que non se presentasen ao exame, deberán examinarse en maio da totalidade dos contidos.

Teranse en conta estes aspectos:

-O alumnado pendente deberá superar os mínimos de consecución marcados na programación do curso no que estea suspenso. Debe entregar en tempo e forma aqueles boletíns de exercicios que lle propña o profesorado do curso que estea cursando. No caso de non acadar a nota de suficiente nes tres boletíns de exercicios o alumno fara un exame de recuperación no momento establecido pola lexislación vixente

A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo pode eximir a/o alumna/o de realizar a proba escrita se o profesor/a o considera oportuno, de non ser así, terá que realizar os exames.

realización dos boletíns de exercicios (1 por trimestre): 100%

h) Acreditación da información á familia. Farase mediante un modelo existente no centro en que conste toda a información a respecto da avaliación e dos resultados do alumno que, unha vez asinado pola nai, pai ou titores legais, será remitido ao departamento.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

A partir da avaliación inicial do alumnado, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso. Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Aínda que no momento da elaboración desta PD non se coñece a natureza dos alumnos e alumnas que cursarán esta materia, e aínda pendentes da avaliación inicial, logo de analizar os informes do centro de procedencia e da información facilitada polo/a orientador/a, espérase contar cun alumno con TDAH ao que se lle vai aplicar o Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario que se concreta nas seguintes actuacións:

O alumno con TDAH debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, se for posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes. Estará sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Contará cunha axenda que o axudará na súa organización. Evitarase a proximidade a portas, xanelas, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como estímulos sonoros ou visuais.

Implementaranse outras medidas como:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, explicarase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado.
- Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Propor exercicios variados.
- Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que o axude a comprender e a realizar as tarefas; o que á súa vez contribuirá a potenciar a súa zona de desenvolvemento próximo, segundo a teoría de Vygotsky.
- Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas etc.)

En canto ás tarefas ou deberes que se lle proporán terase presente o seguinte:

- Reducir e fragmentar as actividades.

- Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
 - Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
 - Non sobrecargar de tarefas para a casa, cómpre que o profesorado do curso se coordine e seleccione aquelas que se consideren máis importantes.
- En canto ás probas escritas e, co fin de as mellorar, será necesario:
- Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.
 - Traballar con mostras de formato de exames. Serve de gran axuda para todos poder adestrarse con exercicios e formatos tipo do que van atopar no día sinalado.
 - Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
 - Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. En ningún caso se formularán preguntas que poidan resultar ambiguas ou que teñan unha dobre interpretación.
 - Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.
 - Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
 - Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oralmente ou utilizando o computador).
 - Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos, inclusive dividilos en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
 - Presentar escrito o texto dos exames, salientando en letra negra as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa. Na media do posible, utilizar un tipo de letra de maior tamaño.
 - Deixar suficiente espazo entre as preguntas (dobre espazo e, preferiblemente, un exercicio por páxina), e supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.
 - Posibilitar que o alumnado poida recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.
 - Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
 - Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - a comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - a expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - a comunicación audiovisual			X			X		
ET.4 - a competencia dixital			X			X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - o emprendemento social e empresarial							X	
ET.6 - o fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - a educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - a igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - a creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - a comprensión lectora	X
ET.2 - a expresión oral e escrita	X
ET.3 - a comunicación audiovisual	X
ET.4 - a competencia dixital	X
ET.5 - o emprendemento social e empresarial	
ET.6 - o fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - a educación emocional e en valores	X
ET.8 - a igualdade de xénero	X
ET.9 - a creatividade	X

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 3º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Obradoiro de Regueifas	Obradoiro de Regueifas
Visionado de curtametraxes	Na semana das Letras Galegas farase un festival du curtametraxes en galego durante os recreos
Aquelas que sexan ofertadas ao centro oor diferentes asociacións e estamentos e que sexan adecuadas ao PEC do centro	Aquelas que sexan ofertadas ao centro oor diferentes asociacións e estamentos e que sexan adecuadas ao PEC do centro

Observacións:

As actividades complementarias insírense de cheo nas unidades didácticas da programación, Garantirase sempre que a súa realización sexa accesible a todo o alumnado independentemente da súa situación económica familiar ou de calquera outra forma de dificultade.

Por outro lado e, na medida do posible, procurarase realizar saídas multidisciplinares con outros departamentos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.

13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
21. As probas de avaliación foron corrixiadas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analízalas e comentalas na clase.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensinoaprendizaxe das fillas ou fillos.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixiar as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

- Introdución.
- Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.
- A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do

mínimo de consecución para superar a materia.

-Medidas de atención á diversidade.

-A concreción dos elementos transversais.

-As actividades complementarias.

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.

-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.

-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.

-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

-Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.

2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.

3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.

4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.

5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.

6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.

7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).

8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.

9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....

10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.

11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .

12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.

13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019426	IES Coruxo	Vigo	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1	Ao comezo desta unidade han realizarse as probas de avaliación inicial. CONTIDOS: -VOCABULARIO: a casa e o cuarto. -LINGUA E SOCIEDADE: riqueza das linguas, o plurilingüismo. -GRAMÁTICA: estrutura e clases de palabras, xénero e número do substantivo. -ORTOGRAFÍA: Regras xerais de acentuación. -SEMÁNTICA: campo semántico, sinonimia -LITERATURA: a lingua literaria, os xéneros narrativos.	12	17	X		
2	Unidade 2	CONTIDOS: -VOCABULARIO: a familia e a rúa -LINGUA E SOCIEDADE: linguas da Península Ibérica. -GRAMÁTICA: adxectivo -ORTOGRAFÍA: acentuación diacrítica -SEMÁNTICA: antonimia e polisemia -LITERATURA: xénero narrativo.	11	16	X		
3	Unidade 3	CONTIDOS: -VOCABULARIO: o corpo, os sentidos -LINGUA E SOCIEDADE: prexuízos e actitudes lingüísticas -GRAMÁTICA: artigo e determinantes -ORTOGRAFÍA: uso de maiúsculas, uso do punto e signos de interrogación e exclamación. -SEMÁNTICA: hominimia, préstamos. -LITERATURA: literatura popular (contos,	12	17		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Unidade 3	lendas e mitos)	12	17		X	
4	Unidade 4	CONTIDOS: -VOCABULARIO: maneiras de ser, os animais -LINGUA E SOCIEDADE: rexistros lingüísticos, o galego fóra de Galiza. -GRAMÁTICA: o pronome persoal -ORTOGRAFÍA: signos de puntuación (coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos) -SEMÁNTICA: prefixación e sufixación -LITERATURA: lírica (métrica e rima)	11	16		X	
5	Unidade 5	CONTIDOS: -VOCABULARIO: seres vivos, a festa -LINGUA E SOCIEDADE: utilidade do galego, normalización lingüística. -GRAMÁTICA: verbo -ORTOGRAFÍA: uso de H, B e V. -SEMÁNTICA: parónimos, homófonos -LITERATURA:	12	17			X
6	Unidade 6	CONTIDOS: -VOCABULARIO: alimentación, deporte e saúde. -LINGUA E SOCIEDADE: sentimento da lingua, entidades de normalización da lingua. -GRAMÁTICA: o adverbio, a oración -ORTOGRAFÍA: palabras con EX-/ES-, uso de I, LL e X -SEMÁNTICA: castelanismos léxicos -LITERATURA: o teatro, o cómic	12	16			X
7	Lectura	En cada trimestre farase unha lectura persoal dunha obra proposta polo profesorado. Sobre ela o alumnado realizará unha actividade na que demostre a súa comprensión e interiorización da obra.	10	3	X	X	X
8	Expresión oral	O alumnado realizará diferentes exercicios de expresión oral en diferentes formatos ao longo dos tres trimestres do curso. Con eles traballarase os diferentes rexistros lingüísticos e a corrección da lingua oral.	20	3	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1	17

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñecer as linguas da Península Ibérica	PE	70
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Interpreta o sentido gloval dun texto.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios de maneira guiada.		
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora o contido de textos sinxelos.	TI	30
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza narracións sinxelas de feitos persoais cotiáns.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos sinxelos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Revisa a ortografía e léxico do texto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúde e despedida, agradecemento e des-culpa. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.

Contidos

- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 2	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece as linguas da Península Ibérica.	PE	70
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora o contido de textos sinxelos.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Localiza a información relevante coa axuda dun guión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Formular xeneralización sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Formular xeneralización sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua coa axuda dun guión.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar narracións e exposicións orais sinxelas.	TI	30
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa en interaccións orais informais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e desculpa. - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Unidade 3	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos.	PE	70
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender o sentido global e identificar a estrutura de textos sinxelos.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar usos discriminatorios da lingua.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establecer guiadamente vínculos entre textos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Revisar a ortografía e o léxico dos textos.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar narracións e exposicións orais sinxelas a partir dun esquema.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos narrativos sinxelos con intención literaria.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar a ortografía e o léxico dos textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Lectura con perspectiva de xénero. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
4	Unidade 4	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos.	PE	70
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar usos discriminatorios da lingua.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender, de maneira guiada, o sentido global, a estrutura e a información máis relevante de textos sinxelos.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar a relación entre lingua empregada e propósito comunicativo en textos sinxelos.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planificar e redactar textos sinxelos coa axuda dunha estrutura dada.	TI	30
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localizar información de maneira guiada.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Coñecer hábitos de uso críticos das TIC.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establecer de maneira guiada vínculos entre textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico.

Contidos

- Iniciación á reflexión interlingüística.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
5	Unidade 5	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos.	PE	70
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar a relación entre propósito comunicativo e lingua do emisor.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establecer vínculos entre textos sinxelos e de maneira guiada.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar de maneira guiada as eleccións lingüísticas do emisor.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar a corrección lingüística dos textos de maneira guiada.	TI	30
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos literarios sinxelos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da pa-labra e dos usos manipuladores da linguaxe. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Lectura con perspectiva de xénero. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
6	Unidade 6	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos.	PE	70
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar a relación entre o propósito comunicativo e a lingua do emisor de maneira guiada.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar usos discriminatorios da lingua.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos literarios sinxelos.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
7	Lectura	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender de maneira guiada o sentido global e a estrutura dun texto.	TI	100
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar, de forma guiada, a forma e o contido dos textos.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Elixir textos a partir de preseleccións de maneira guiada.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicar e argumentar de maneira sinxela e coa axuda de pautas e modelos a interpretación das obras lidas.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establecer de maneira guiada vínculos entre os textos lidos e outros textos.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar, de maneira simple e guiada os efectos no receptor da lingua empregada nun texto.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos de funcionamento da lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

UD	Título da UD	Duración
8	Expresión oral	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar narracións e exposicións orais sinxelas sobre aspectos da vida cotiá con axuda dun guión.	TI	100
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar en interaccións orais informais.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos de maneira guiada con axuda dun guión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica usos discriminatorios da lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os profesores e profesoras do Departamento de Lingua e Literatura Galegas do IES Coruxo entendemos que o proceso de ensino-aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por eles mesmos.
- Favorecer situacións en que os alumnos e as alumnas actualicen os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que resulten motivadoras.

Polo tanto, os principios que orientan a nosa práctica son os seguintes:

- Metodoloxía activa, que supón atender aspectos intimamente relacionados, referidos ao clima de participación e integración do alumnado no proceso de aprendizaxe e favorecer a integración activa dos alumnos/as na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes así como a participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Motivación, que consideramos fundamental, a partir dos intereses, das demandas, das necesidades e das expectativas do alumnado.
- Atención á diversidade do alumnado. Un dos principios básicos a defender consiste en ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os distintos intereses. Favorecer o traballo en grupo na medida en que as actividades propostas o permitan consideramos que é unha medida eficaz de atender a diversidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual ou EVA-Edixgal
Material fotocopiado fornecido polo profesor.
Libros de lectura trimestral.
Aula con diferentes distribucións dependendo da actividade.
Biblioteca do centro.
Material de escritura propio do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

As actividades que se realicen durante as primeiras dúas ou tres semanas do curso irán encamiñadas á realización da avaliación inicial nos diferentes cursos da ESO. A data de avaliación será a que estableza a dirección do centro. Estas actividades permitirán comprobar, fundamentalmente, a competencia do alumnado nos seguintes aspectos:

- ¿ Comprensión oral e escrita
- ¿ Expresión oral e escrita

Estas probas incluirán:

- Proba de lectura en voz alta dun texto descoñecido para o alumnado, a través da cal podemos detectar os problemas que afectan a entoación, lectura expresiva, respecto aos signos de puntuación, problemas de articulación dos distintos fonemas, rapidez e axilidade na lectura, etc.
- Proba de comprensión de textos orais e escritos.

Estas actividades serán varias e variadas coa fin de que esta avaliación inicial non se reduza a unha mera comprobación de coñecementos do alumnado senón do manexo efectivo da lingua.

Tendo en conta os resultados desta avaliación inicial tomaranse as medidas oportunas de adecuación de contidos, obxectivos, etc. tomando como punto de partida os datos obtidos da mesma. Estes datos seránlle transmitidos ás familias a través da titoría.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	11	12	11	12	12	10	20	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	0	0	49
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	100	100	51

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación terá en conta os seguintes elementos de maneira ponderada:

- COÑECEMENTO DOS CONTIDOS DAS UNIDADES (50%). Este será avaliado con instrumentos adaptados á natureza dos contidos traballados: probas, traballos, proxectos de comprensión etc.
- TRABALLOS (20%): actividades grupais e individuais propostas ao longo do curso como composicións de textos de diferentes xéneros, exposicións... Neste apartado tamén se avalía o traballo persoal a través do caderno de traballo e a participación na aula.
- EXPRESIÓN ORAL (20%): ao longo de cada avaliación realizaranse exercicios e probas de expresión e comprensión oral (exposicións, debates, audicións...)
- LECTURA (10%). Ao longo do curso o profesor fará varias propostas de lectura. Sobre elas realizaranse probas e/ou traballos de diferente natureza co obxecto de comprobar a lectura e avaliar a comprensión e a expresión do alumnado.

A corrección lingüística, ortografía e a presentación son contidos procedimentais da materia de Lingua. No caso dos exames, empregárase o seguinte baremo:

- Moi graves (-0,2): Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome átono, castelanismos...)
- Graves (-0,1): Solucións gráficas contrarias á norma lingüística (confusións nas grafías b/v, h, s/x...). Erros de acentuación diacrítica.
- Leves (-0,05): Solucións galegas alleas ao estándar vixente (hipergaleguismos, vulgarismos, etc.). Erros de acentuación xeral.

Nos exames non se descontarán máis de dous puntos por estas cuestións.

A cualificación final do curso obterase coa media das cualificacións das tres avaliacións.

Criterios de recuperación:

- Probas de recuperación da 1ª e 2ª avaliación unha vez iniciados o 2º e 3º trimestre respectivamente.
- A proba de recuperación da 3ª avaliación realizarase ao final do trimestre. O alumnado poderá presentarse sempre e cando non teña máis de dúas avaliacións suspensas.
 - Ao final da terceira avaliación tamén poderán realizarse actividades de recuperación dalgunha avaliación anterior que continuase suspenso.
 - No seu caso esixirase a entrega de actividades relacionadas co libro de lectura a aqueles alumnos que ao longo do curso non demostraron ter realizado unha lectura comprensiva e suficiente dos mesmos como condición indispensable para aprobar.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao tratarse de 1º de ESO, non hai establecido un procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

6. Medidas de atención á diversidade

Para dar unha cumprida resposta á diversidade que se atopa nas aulas, teranse en conta aqueles contidos nos que os alumnos amosan un nivel menos homoxéneo.

Debemos ter en conta que non todos os alumnos adquiren coa mesma intensidade e rapidez os contidos tratados. Por iso debe asegurarse un nivel mínimo para todos os alumnos e a oportunidade para recuperar o non adquirido no seu momento. Esta función pode ser desenvolvida con actividades e material complementario que xa acompaña os libros de texto dos diferentes cursos e por outras actividades que debe ir elaborando ao longo do curso o propio departamento.

A atención á diversidade está tamén na base de determinado tipo de actividades, como son as de investigación ou ampliación. Estas favorecen as técnicas de traballo autónomo e permítenlle a cada alumno aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitados ás súas características individuais.

De entre as diversas formas de atención á diversidade que se contempla, este departamento aplicará aquelas que se refiren a adaptacións curriculares non significativas, e dentro destas, aos aspectos que se refiren á utilización de metodoloxías diversas, actividades de reforzo e ampliación e uso de material didáctico complementario.

-Metodoloxías diversas: consideramos que son un recurso para introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia dos distintos graos de coñecementos previos que se detecten nos alumnos ou simplemente como prevención das dificultades.

- Actividades de reforzo e ampliación: usaranse en casos de alumnos que manifesten algunha dificultade para traballar determinados contidos, axustando o grao de complexidade da actividade ás súas posibilidades.

Isto implica unha dobre esixencia: determinar que contidos son fundamentais e cales son complementarios. Unha vez establecidos confeccionarase un número abondo de actividades para cada un dos contidos considerados como fundamentais con distintos niveis de complexidade.

-A utilización de material didáctico complementario: permite axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ás diferenzas individuais dos alumnos. Con este tipo de material perséguese consolidar os contidos que presentan un maior grao de dificultade; practicar habilidades instrumentais ligadas aos contidos; enriquecer o coñecemento de temas polos que os alumnos mostran interese e ampliar e afondar en temas de especial relevancia para o desenvolvemento dos contidos.

-Medidas de enriquecemento curricular: usaranse sobre todo con alumnado de altas capacidades e permitirán substituír actividades rutineiras que o alumnado xa ten conseguidas por outras que afonden nos contidos, fundamentalmente nos procedimentais. Esta opción conleva a preparación de propostas máis complexas e eliminación das máis básicas.

-Ampliación por proxectos: partindo dos intereses do alumnado poderase traballar a distintos niveis de profundidade e acceder a diversas formas de información. Ademais permite a integración de diferentes alumnos/as en función dos seus niveis de competencias.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual					X	X	X	
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X	X	X				

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Educación en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero		X		X		X		
ET.9 - Emprendemento social e empresarial			X					

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Faladoiros	Pequenos debates informais sobre temas de interese para o alumnado que se realizan semanalmente na biblioteca do centro.
Visita de autores	Ao longo do curso procurarase contar coa visita dalgún dos autores dos libros de lectura.
Saídas a lugares de interese	Procurarase realizar algunha saída con referencia a algún dos contidos do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O nivel de dificultade do traballo na aula adecuose ao alumnado.
Creouse un clima de aula favorable á aprendizaxe.
Conseguíuse a participación activa do alumnado.
Contouse co apoio e implicación das familias.

As necesidades do alumnado foron atendidas.
Usáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
Valorouse o traballo en equipo do alumnado.
Elabóranse propostas de traballo de diferentes niveis competenciais para atender a diversidade.
Deuse resposta educativa adecuada ao alumnado don NEE.
Hai unha proporción adecuada de traballo grupal e individual.
Poténciase a lectura e a comprensión e expresión oral.
Incorpóranse as TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.
Ofréceselle unha retroalimentación axeitada ao alumnado despois da realización do seu traballo.
Realízase unha función titorial ou orientadora de forma axeitada.

Descrición:

Estes indicadores de logro avaliaranse a través de diferentes procedementos: enquisa ao alumnado, observación, análise de resultados, etc. En función deles irase adaptando a práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tras a avaliación inicial realizaranse os axustes necesarios para adaptar a presente programación ás necesidades do alumnado. Ao final de cada UD, o profesor valorará aspectos como a adecuación, resultados do alumnado, a metodoloxía, materiais, actividades, práctica docente e medidas de atención á diversidade. Para iso empregará unha escala de observación con diferentes indicadores de logro.

Ao longo do curso, nas reunións de departamento valorarase a adecuación da programación e no mes de xuño, redactarase unha memoria anual na que se valorará esta programación e recollerán propostas de mellora.

9. Outros apartados

DEPARTAMENTO DE
LINGUA GALEGA E
LITERATURA

PROGRAMACIÓN
CURSO 22-23

2º e 4º de ESO

2º de BACHARELATO

ÍNDICE	páx.
• Introducción	3
• Contextualización	3
• Contribución da materia ao logro das CB	3
• Obxectivos, contidos e avaliación por curso	6
• Obxectivos	6
• Contidos temporalizados	8
• Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias	11
• Procedementos e instrumentos de avaliación	19
• Mínimos esixibles e actividades de reforzo/recuperación	19
• Sistemas e criterios de cualificación	21
• Avaliación final	23
• Avaliación inicial	24
• Metodoloxía didáctica	24
• Metodoloxía incidindo no impulso da autonomía persoal no bacharelato	25
• Atención á diversidade	25
• Plans de traballo para a superación das materias pendentes	26
• Materias pendentes no bacharelato	27
• Programas específicos para o alumnado repetidor na ESO	27
• Actividades complementarias e extraescolares	28
• Accións de contribución ao plan lector	28
• Accións de contribución ao plan TIC	28
• Accións de contribución ao plan de convivencia	28
• Accións de contribución ao plan de formación en valores	28
• Materiais e recursos didácticos	28
• Avaliación da programación didáctica	29
• Modificación da memoria do curso anterior	29

1. INTRODUCCIÓN

A educación lingüística e literaria constitúe un factor clave para o desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos aspectos intelectuais, afectivos e sociais.

A materia de Lingua galega e Literatura ten por obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa, basicamente, achegando os procedementos necesarios para interactuar satisfactoriamente en distintos ámbitos sociais. Estes saberes refírense aos principios e ás normas sociais que presiden os intercambios comunicativos, ás formas convencionais que presentan os textos na nosa cultura, aos procedementos que articulan as partes do texto nun conxunto cohesionado, ás regras léxico-sintácticas que permiten a construción de enunciados con sentido e gramaticalmente aceptables ou ás normas ortográficas.

A educación literaria implica unhas competencias específicas que obedecen ás características especiais da comunicación literaria, ás convencións propias do uso literario da lingua e ás relacións do texto literario co seu contexto cultural.

No ensino postobligatorio, a área de lingua galega e literatura ten como obxectivo fundamental o enriquecemento da capacidade comunicativa do alumnado, competencia que xa se vén traballando desde a ESO. A diferenza deste currículo con respecto ao da etapa anterior radica fundamentalmente na maior sistematización de coñecementos lingüísticos e literarios e na abordaxe de situacións comunicativas e textos (nomeadamente dos ámbitos científico, académico e dos medios de comunicación) cada vez máis complexos e acordes coa idade e a madureza intelectual do noso alumnado para tratar de ampliar a propia cultura e conformar unha visión do mundo construtiva, positiva e crítica.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Coruxo atópase situado nunha zona periurbana da cidade de Vigo. É un centro que acolle alumnos da zona, basicamente, que pertencen, en xeral, a un nivel sociocultural medio-baixo. Hai pouco alumnado inmigrante e algúns membros de etnia xitana.

No presente curso hai tres grupos de 1º de ESO, catro de 2º, catro de 3º, tres de 4º. En Bacharelato contamos con dous grupos de 1º e dous de 2º.

O Departamento está formado polos seguintes membros:

D. Antonio Iglesias Mira.

Dª Xosé Ramón Alonso Priegue.

D. Xosé Ramón Valtierra Branera (Director).

Dª Elvira Estévez Parente (Vicedirectora).

Dª Manuela Pazos Pintos (Xefa de Departamento).

3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS CB

Se temos en conta que a lingua, ademais de obxecto de estudo en si mesma, é instrumento para a interacción social, para a adquisición de

coñecementos, para o procesamento e a expresión do pensamento, emocións, etc. concordaremos en que todos estes aspectos contribuirán ao desenvolvemento das seguintes competencias básicas no currículo da nosa materia:

1. Competencia en comunicación lingüística.

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, emocións e conduta.

2. Competencia matemática.

O desenvolvemento desta competencia desde a lingua contribúe a que sexan interpretadas correctamente as informacións representadas en formato gráfico, o mesmo que a aplicar os coñecementos de creación de gráficos e táboas na resolución de actividades así como a representación de resultados de enquisas ou a creación de cadros cronolóxicos

3. Competencia metalingüística (aprender a aprender).

Ademais dos usos lingüísticos mencionados, a lingua serve tamén como instrumento para a adquisición de novos coñecementos, é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento. O acceso ao saber e aos coñecementos a través da linguaxe relaciónase directamente con esta competencia. A nosa materia, naquilo que se refire aos contidos de reflexión sobre a lingua recolle un conxunto de saberes conceptuais (metalinguaxe gramatical) e procedementais (capacidade para analizar, contrastar, ampliar e reducir enunciados mediante o uso consciente de certos mecanismos gramaticais, substituír elementos do enunciado por outros gramaticalmente equivalentes, diagnosticar erros e reparalos, etc.) que se adquiren en relación coas actividades de comprensión e composición de textos e que se reutilizan para optimizar a aprendizaxe lingüística, é dicir, para aprender a aprender lingua.

4. Competencia de iniciativa persoal e autonomía.

Na medida en que aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e emprender procesos de decisión, xa que unha das funcións da linguaxe é regular e orientar a nosa propia actividade, a adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar na iniciativa persoal e na regulación da propia actividade con progresiva autonomía.

5. Competencia dixital.

A materia ten como unha das súas metas a busca e selección de información relevante de acordo coas diferentes necesidades, así como para a súa reutilización na produción de textos orais e escritos propios. A busca e selección de moitas destas informacións requirirá, por exemplo, o uso axeitado de bibliotecas ou a utilización da internet, a realización guiada destas buscas constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital. A iso contribúe tamén o feito de que o currículo inclúa o uso de soportes electrónicos na composición de textos, de xeito que poidan abordarse máis eficazmente algunhas operacións que interveñen no proceso de escritura (planificación,

execución do texto e revisión) e que constitúen un dos contidos básicos desta materia. Tamén poden contribuír ao desenvolvemento desta competencia o uso nesta materia dos novos medios de comunicación dixitais que implican un uso social e compartido da escritura e dos coñecementos.

6. Competencia social e cidadá.

A aprendizaxe da lingua concibida como desenvolvemento da competencia comunicativa contribúe decisivamente ao desenvolvemento desta competencia entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas. En efecto, aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades. Por outra parte, a educación lingüística ten unha compoñente estreitamente vencellada con esta competencia: a constatación da variedade dos usos da lingua, a diversidade lingüística e a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e representación. Tamén se contribúe desde esta materia a esta competencia na medida en que se analizan os modos mediante os que a linguaxe transmite e sanciona prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo, co obxecto de contribuír á erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.

7. Competencia artística e cultural.

Dentro desta materia, a lectura, a interpretación e valoración das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento desta competencia entendida como aproximación a un patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son preocupacións esenciais do ser humano. A súa relevancia incrementárase en tanto se relacione o aprecio das manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas como a música, a pintura ou o cine. Tamén se contribúe a esta competencia procurando que o mundo social da literatura (autores, críticos, acceso a bibliotecas, librarías, catálogos ou a presenza do literario na prensa) adquiran sentido para o alumnado.

8. Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.

A lingua é, sen dúbida, un instrumento indispensable para coñecer e aprehender e describir o espazo no que teñen lugar os acontecementos sociais e culturais próximos á vida das persoas. Permite implicarse no uso responsable dos recursos naturais e na conservación do medio asimilando hábitos respectuosos co medio e tomar consciencia da transcendencia da acción individual no futuro da natureza.

A valoración da importancia da tradición oral na transmisión da lingua forma parte tamén da contribución da nosa materia ao desenvolvemento desta competencia, o mesmo que o intese polo coñecemento da nosa paisaxe e a utilización correcta da terminoloxía que a designa.

4. OBXECTIVOS, CONTIDOS E AVALIACIÓN POR CURSO

4.1. Obxectivos

SEGUNDO CURSO DE ESO

- Utilizar a lingua galega, oralmente e por escrito, da forma máis axeitada á situación comunicativa.
- Utilizar a lingua galega, oralmente e por escrito, para elaborar todo tipo de producións atendendo ás súas diferentes estruturas.
- Coñecer os feitos máis salientables da orixe, das etapas e da historia da formación do idioma galego.
- Entender a realidade sociolingüística de Galicia. Recoñecer as interferencias lingüísticas. Coñecer o marco legal en que se desenvolve a lingua galega.
- Distinguir e identificar as variedades xeográficas do galego.
- Integrar os mecanismos da lingua e os seus elementos formais (marcas de adecuación, procedementos de cohesión e de coherencia) para comprender os textos alleos e mellorar as propias producións.
- Identificar o tema ou a idea principal e xerarquizar a información relevante dun texto.
- Identificar os tipos de oracións, segundo a actitude do falante e segundo a natureza do predicado.
- Substituír palabras polos sinónimos ou antónimos adecuados ao contexto.
- Comentar textos, establecendo unha relación entre a literatura e o contexto histórico e persoal do autor.

CUARTO CURSO DE ESO

- Utilizar a lingua galega, tanto oral como escrita, para comprender e expresar todo tipo de mensaxes, identificando a intencionalidade do texto.
- Analizar as características e identificar as seccións dos medios de comunicación escritos, atendendo especialmente aos xéneros de opinión e interpretar con sentido crítico as mensaxes prestando atención á especificidade da lingua empregada.
- Analizar as características dos medios de comunicación audiovisual, atendendo especialmente aos xéneros de carácter argumentativo.
- Analizar os textos publicitarios tendo en conta os compoñentes verbais e non verbais.
- Compoñer textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital.
- Comprender e compoñer textos necesarios e útiles na vida cotiá, nas relacións sociais e no ámbito académico.
- Usar de forma reflexiva a puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como as normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- Recoñecer e usar de maneira reflexiva os nexos e conectores textuais máis comúns e mais os mecanismos de cohesión textual.
- Recoñecer as principais regras de combinación impostas polos verbos en función dos seus argumentos e revisar as conseguíntes estruturas sintácticas e os tipos de oración segundo a natureza do predicado, aplicándoas na construción e revisión de textos.
- Identificar e revisar a estrutura do texto, a construción dos parágrafos e

a vinculación e progresión temáticas en diferentes textos argumentativos, alleos e propios.

- Usar un léxico apropiado, amplo e preciso.
- Coñecer as distintas etapas da historia social da lingua galega desde os seus comezos ata o século XXI, con manexo e interpretación de textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Comprender a situación sociolingüística de Galicia a través da revisión e presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos dos factores de normalización, desenvolvendo proxectos de traballo, con emprego dos medios e tecnoloxías da información, que permitan afrontar e superar prexuízos lingüísticos.
- Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega e da función da lingua estándar.
- Recoñecer obras, autores e características fundamentais da literatura dos séculos XX e XXI.

BACHARELATO

- Comprender o contido global e particular así como a intención e propósito dos discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural, nomeadamente, dos ámbitos público, educativo, profesional e dos medios de comunicación.
- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas (especialmente as do ámbito académico) e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
- Desenvolver as principais técnicas de comunicación e aprendizaxe relativas á comprensión e á produción que se empregan durante a interacción oral, para lograr os fins pretendidos e atendendo aos distintos contextos.
- Identificar os diversos tipos de textos orais, escritos e audiovisuais e reflexionar sobre a súa estrutura así como recoñecer o seu tema e a organización da información.
- Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos e utilizar con autonomía e espírito crítico as novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Planificar, realizar e corrixir as propias producións de xeito que a persoa usuaria da lingua sexa un axente social no seu ámbito, contribuíndo a consolidar as distintas funcións sociais da lingua (de identidade, familiar, laboral, local, institucional, cultural e internacional).
- Coñecer a realidade multilingüe do mundo, de Europa e do Estado español valorando positivamente a riqueza que representa e fomentar o desenvolvemento da competencia pluricultural e, en especial, o da

plurilingüe.

- Coñecer, analizar e reflexionar sobre a situación social da nosa lingua e sobre os factores e procesos que ao longo da súa historia a levaron á situación actual.
- Analizar os diferentes usos sociais da lingua, valorar as súas variedades, superar estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos, en especial os referidos ás mulleres, para evitalos.
- Recoñecer e analizar as distintas unidades da lingua e o seu funcionamento a partir dos distintos tipos de textos que se producen en contextos diferentes e cun ahegamento analítico que observe a lingua partindo da globalidade para chegar ás partes mínimas.

4.2 Contidos temporalizados

2º ESO

1ª Avaliación:

- Comunicación: textos periodísticos. Características da noticia. A noticia breve. O texto informativo.
- Comunicación: textos periodísticos. Características da noticia. A noticia breve. O texto informativo.
- Estudo da lingua:
- Vocabulario: As viaxes. Os animais. Os antropónimos. Os seres míticos.
- Ortografía: Repaso das regras de acentuación. A sílaba. Ditongos, tritongos e hiatos. Casos especiais de acentuación. O acento diacrítico. As maiúsculas.
- Morfoloxía: Os fonemas. As palabras. O substantivo. O adxectivo.
- Lingua e sociedade: A diversidade lingüística. As linguas da Península Ibérica. A situación legal das linguas. A lusofonía.
- Literatura: características dos textos literarios. Os principais xéneros literarios. A novela. O conto.

2ª Avaliación:

- Comunicación: a carta.
- Estudo da lingua:
- Vocabulario: A comunicación. Os medios de transporte. A gastronomía e a hostelería.
- Ortografía: signos de puntuación. Uso de b/v. Uso do h.
- Morfoloxía: os pronomes persoais. O verbo. Verbos regulares e irregulares. A oración
- Léxico/semántica: familia léxica e campo semántico. Termos recíprocos. Antónimos.
- Sintaxe: o predicado. Predicado nominal. Predicado verbal. O complemento directo.
- Lingua e sociedade: o galego hoxe. Niveis de competencia. A valoración social da lingua. Normalización e normativización. Os préstamos.
- Literatura: O narrador. Personaxe, espazo e tempo. A poesía lírica. As formas poéticas.

3ª Avaliación:

- Comunicación: a canción. A noticia. A entrevista. A reportaxe.
- Estudo da lingua:
- Vocabulario: a paisaxe marina. A paisaxe de montaña. O teatro e outros espectáculos. O vestiario e os complementos.
- Ortografía: uso de n e ñ. Uso correcto das vogais. Grupos consonánticos con l e con r. Grupos consonánticos cultors –cc- e -ct-. Uso de s/x.
- Morfoloxía: O suxeito e o predicado. Os complementos. As modalidades oracionais.
- Lingua e sociedade: os estranxeirismos. Os castelanismos. As variedades lingüísticas. As variedades xeográficas.
- Literatura: a poesía. Recursos estilísticos. O teatro. Literatura, cine e música.

4º ESO

1ª Avaliación:

- Análise de textos: O texto narrativo. O punto de vista. O espazo e o tempo narrativos. Os personaxes.
- Estudo da lingua:
- Vocabulario: Formas de ser. O tempo cronolóxico. Medos e arrepiós. Arquitectura e urbanismo.
- Morfosintaxe: as unidades lingüísticas. Fonética. Vocalismo. Consonantismo. A frase. A oración: suxeito e predicado.
- Lingua e sociedade: o galego no primeiro terzo do século XX. Variedades internas da lingua. Variedades situacionais ou diastráticas. Variedades xeográficas ou dialectais.
- Literatura: a literatura no tempo das Irmandades. O grupo Nós. Castelao . As vangardas.

2ª Avaliación:

- Análise de textos: os textos prescritivos. O xénero de opinión. O texto argumentativo. A publicidade.
- Estudo da lingua:
- Vocabulario: o tempo meteorolóxico. Viaxes e turismo. A xustiza e as seis. Tempo de lecer.
- Sintaxe: a oración. Os complementos do verbo. As oracións compostas. As oracións subordinadas substantivas.
- Lingua e sociedade: a lingua galega na posguerra. A lingua galega a partir de 1975. A lusofonía. Os prexuízos lingüísticos.
- Literatura: narrativa de posguerra. Poesía de posguerra: a xeración do 36 e a PDE. Literatura do exilio.

3ª Avaliación:

- Análise de textos: O guión cinematográfico. Características da radio e a televisión. Internet. As redes sociais.
- Estudo da lingua:
- Vocabulario: O cine. A radio e a televisión. As novas tecnoloxías. En

- rede.
- Sintaxe: as oracións subordinadas adxectivas. As oracións subordinadas adverbiais.
- Léxico- semántica: as relacións semánticas. Cambios semánticos.
- Lingua e sociedade: a lingua galega hoxe. O galego nos medios. A lingua galega en Internet. O galego en distintos ámbitos.
- Literatura: poesía de posguerra: a XFM. O teatro de posguerra. Narrativa, poesía e teatro actuais. Literatura dixital.

2º BACHARELATO

1ª Avaliación:

- Reflexión sobre o texto: texto poético. Expositivo-argumentativo. Narrativo.
- Lingua e sociedade: as funcións sociais da lingua: bilingüismo, conflito e diglosia. Lingua inicial, competencia e usos lingüísticos. Estereotipos e prexuízos lingüísticos, a súa repercusión nos usos.
- Estudo da lingua: fonética e fonoloxía. Sintaxe.
- Gramática textual/léxico: as propiedades do texto: coherencia, cohesión e adecuación. Procedementos de cohesión textual: recorrencia e paráfrase. Substitución e elipse.
- Literatura: a literatura no primeiro terzo do século XX: a lírica na xeira das Irmandades da Fala. As vangardas. A prosa: as IF e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).

2ª Avaliación:

- Lingua e sociedade: As variedades dialectais. Bloques e áreas. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma. Historia do galego no primeiro terzo do século XX.
- Gramática textual/léxico: os conectores textuais. A progresión temática. A estrutura. Formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica.
- Literatura: a literatura entre 1936 e 1976. O teatro de 1900 a 1976.

3ª Avaliación:

- Reflexión sobre o texto: o texto dialogado.
- Lingua e sociedade: historia do galego durante a guerra civil, ditadura e democracia. Linguas minorizadas e minoritarias. A normalización lingüística.
- Semántica: campos semánticos e definición de palabras. Relacións de significado. Os cambios semánticos.
- Literatura: A literatura de fins do século XX e comezos do XXI. O ensaio: da posguerra á actualidade.

4.3 Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

SEGUNDO DE ESO

Criterios de avaliación

- Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais nos medios de comunicación e do ámbito escolar, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos escritos dos ámbitos social e académico, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de informacións de actualidade poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar uns mesmos feitos de diferentes medios, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos en grupo...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribir –a partir de modelos aos que incorporar as propias achegas– textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico. Planificar e revisar ditos textos con progresiva autonomía aplicándolles normas de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.
- Consultar de maneira progresivamente autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar a información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente a traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica.
- Observar os condicionamentos actuais de valoración e uso social da lingua galega e utilizala con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Recoñecer e comprender a diversidade lingüística do mundo actual.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando o uso dos elementos do xénero, o punto de vista e o emprego da linguaxe.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos dos subxéneros e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se

empregarán.

Estándares de aprendizaxe

- Extrae a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais nos medios de comunicación e do ámbito escolar e segue instrucción para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- Extrae a intención comunica, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos escritos dos ámbitos social e académico, segúe amén instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- Realiza exposicións orais planificadas claras e ágiles de informacións de actualidade e pon de relevo as diferenzas no modo de presentar un mesmos feitos de diferentes medios, participa de forma construtiva en diverssas interaccións comunicativas (simulacións, traballos en grupo...) respetando as regras que as recen. Adopta o registro adecuada a cada tipo de situación.
- Escribe -a partir de modelos- textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico. Planifica e revisa ditos textos con progresiva autonomía e aplica normas de coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.
- Consulta de maneira progresiva e autónoma textos en diferentes soportes e selecciona a información relevante para incorporada ás propias producións, especialmente a traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- Recoñece os mecanismos da lingua, e coñece e utiliza unha terminoloxía lingüística básica.
- Observa os condicionamentos actuais de valoración e uso social da lingua gallega e utilízaa con normalidad nos máis diversos contextos comunicativos.
- Recoñece e comprende a diversidade lingüística do mundo actual.
- Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón una opinión personal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade; relaciona o seu sentido coa propia experiencia e valora o uso dos elementos do género, o punto de vista e o emprego da linguaxe.
- Utiliza os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos de subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participa de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos; comprende os recursos que se empregan.

Competencias clave

- Adquirir habilidades e estratexias no uso da lingua.
- Adquirir saberes conceptuais e procedementais mediante actividades de comprensión e composición de textos, coa fin de reutilizalos para a aprendizaxe lingüística.
- Proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información relevante mediante a utilización de bibliotecas e da internet.

- Aprender a comunicarse cos demais e a comprender o que se está transmitindo e aproximarse a outras realidades mediante a aprendizaxe da lingua.
- Achegarse e dar sentido para o alumnado ao mundo social da literatura.
- Relacionar as manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas como a pintura, a música ou o cine.
- Aprender a comunicarse cos demais en situacións diversas mediante a aprendizaxe do uso da lingua en diferentes contextos.
- Analizar e resolver problemas, trazar plans e emprender procesos de decisión mediante a aprendizaxe e uso da lingua.
- Usar soportes electrónicos para a composición de textos.
- Constatar a variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística; valorar todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e representación.
- Usar os novos medios de comunicación dixital que implican un uso social e compartido da escritura e dos coñecementos.
- Analizar os recursos mediante os que a linguaxe transmite e sanciona prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo, co obxecto de contribuír á erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.
- Tomar a lingua como obxecto de información.
- Acceder ao saber e á do coñemento mediante a linguaxe.

CUARTO DE ESO

Criterios de avaliación

- Comprender a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, así como seguir e recoller resumidamente o desenvolvemento oral dunha exposición académica.
- Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos escritos do ámbito público e dos medios de comunicación, así como da vida académica, analizando criticamente os seus contidos, interpretando as connotacións e mensaxes implícitas que deles se deduzan e inferindo o tema principal e os secundarios. Comprender e seguir as intrucións que regulan a vida social e os procesos de aprendizaxe complexos.
- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de información de actualidade contrastando os diferentes puntos de vista e opinións expresadas en distintos medios audiovisuais, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulación, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribir textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico, usando con progresiva liberdade os modelos propostos na aula. Planificar e revisar ditos textos de maneira case autónoma para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.
- Consultar de maneira case autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar e analizar criticamente a información relevante para integrala nas propias producións, especialmente en traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico

para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.

- Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua, e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.
- Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega anterior ao século XXI; extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Recoñecer as causas da diversidade lingüística e dos procesos sociolingüísticos.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando a estrutura, o punto de vista e o emprego da linguaxe.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, á evolución dos xéneros, formas e estilos e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

Estándares de aprendizaxe

- Comprende a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, segué e recolle de forma resumida o desenvolvemento oral dunha exposición académica.
- Identifica e contrasta o propósito comunicativo en textos escritos do ámbito público e dos medios de comunicación, o mesmo que da vida académica; analiza criticamente os seus contidos, interpreta as connotacións e as mensaxes implícitas que deles se deducen; infere o tema principal e os secundarios. Comprende e segue as instrucións que regulan a vida social e os procesos de aprendizaxe complexos.
- Realiza exposicións orais planificadas, claras e áxiles de traballos e de información de actualidade, contrastando os diferentes puntos de vista e opinións expresadas en distintos medios audiovisuais; participa de forma constructiva en diversas interaccións comunicativas e respecta as regras que as rexen. Adopta o registro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribe textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico, usando con progresiva liberdade os modelos propósitos na aula. Planifica e revisa ditos textos de maneira autónoma asegurando a coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.
- Consulta de maneira case autónoma textos en diferentes soportes; selecciona e analiza criticamente a información relevante para integrala

nas propias produción.

- Aplica os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de forma autónoma os propios textos.
- Recoñece, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñece e usa a terminoloxía lingüística adecuada.
- Identifica as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega anterior ao século XXI; extrae os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia; analiza criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utiliza a lingua con fluidez en diversos contextos comunicativos.
- Recoñece as causas da diversidade lingüística e dos procesos sociolingüísticos.
- Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón una opinión personal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade; relaciona o contigo coa sea propia experiencia e valora a estrutura, o punto de vista e o emprego da linguaxe.
- Utiliza os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos atendendo especialmente á relación co contexto, á evolución dos xéneros, formas e estilos e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participa de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos; comprende os recursos que se empregan; explica as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen os autores máis relevantes; realiza traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

Competencias clave

- Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual e do ámbito académico.
- Comprender textos escritos do ámbito público, dos medios de comunicación e da vida académica, identificando as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, contrastando explicacións e argumentos.
- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade diferenciando información, opinión e persuasión, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (debates, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribir textos propios da vida cotiá, das relacións sociais, dos medios de comunicación e do ámbito académico tendo como referencia os modelos propostos na aula e expresando con claridade as propias opinións razoadas. Planificar e revisar autonomamente eses textos para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.
- Consultar de maneira autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar información relevante, analizala criticamente, extraer conclusións fundamentadas e integradas nas propias producións, especialmente en traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.

- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar con autonomía os propios textos.
- Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.
- Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega; extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego: Utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión argumentada sobre a lectura persoal dunha obra clásica da literatura contemporánea atendendo aos seus elementos estruturais e formais.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, ás innovacións e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelos os lidos e comprendendo os recursos que se empregaran; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese.

BACHARELATO

Criterios

- Interpretar diferentes tipos de discursos orais, escritos e audiovisuais e a situación na que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.
- Participar en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade e usando recursos audiovisuais, bibliográficos e das tecnoloxías da información e comunicación.
- Compoñer producións escritas planificadas sobre temas de actualidade ou curriculares, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección ortográfica, amais dunha coidada presentación.
- Caracterizar e identificar diferentes tipos de textos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural, sobre todo, dos ámbitos científico e académico e dos medios de comunicación.
- Coñecer os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos (flexión, clasificación, análise, etc.) propios da gramática galega.
- Utilizar sistematicamente os coñecementos lingüísticos para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos sociais e para producir, compoñer e revisar textos propios e de temáticas diversas.
- Coñecer e utilizar un caudal léxico (palabras, frases feitas,

combinacións, fórmulas sociais ou elementos discursivos) apropiado e amplo que incremente non só o vocabulario receptivo senón, e sobre todo, o de tipo produtivo.

- Diferenciar as variedades internas da lingua e identificar as interferencias lingüísticas e desviacións da norma.
- Valorar a lingua galega e ser quen de identificar os prexuízos e estereotipos que están ligados a ela.
- Coñecer as causas históricas da situación actual dos usos lingüísticos en Galicia e valorala con espírito crítico e reflexivo, manexando de xeito preciso a terminoloxía sociolingüística.
- Coñecer a historia da literatura galega: as principais etapas, movementos, autores e obras.
- Ler, analizar e comentar obras e fragmentos significativos da historia da literatura galega, utilizando os coñecementos sobre as formas literarias (xéneros, recursos literarios, versificación) e os distintos períodos, movementos e autores.

Estándares de aprendizaxe

- Interpreta diferentes tipos de discursos orais, escritos e audiovisuais e a situación na que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.
- Participa en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e realiza producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade usando recursos audiovisuais, bibliográficos e das tecnoloxías da información e comunicación.
- Compón producións escritas planificadas sobre temas de actualidade ou curriculares, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección ortográfica, amais dunha coidada presentación.
- Caracteriza e identifica diferentes tipos de textos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural, sobre todo, dos ámbitos científico e académico e dos medios de comunicación.
- Coñece os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos (flexión, clasificación, análise, etc.) propios da gramática galega.
- Utiliza sistematicamente os coñecementos lingüísticos para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos sociais e para producir, compoñer e revisar textos propios e de temáticas diversas.
- Coñecer e utilizar un caudal léxico (palabras, frases feitas, combinacións, fórmulas sociais ou elementos discursivos) apropiado e amplo que incremente non só o vocabulario receptivo senón, e sobre todo, o de tipo produtivo.
- Diferencia as variedades internas da lingua e identifica as interferencias lingüísticas e desviacións da norma.
- Valorara a lingua galega e é quen de identificar os prexuízos e estereotipos que están ligados a ela.
- Coñece as causas históricas da situación actual dos usos lingüísticos en Galicia e valóraa con espírito crítico e reflexivo, manexando de xeito preciso a terminoloxía sociolingüística.

- Coñece a historia da literatura galega: as principais etapas, movementos, autores e obras.
- Le, analiza e comenta obras e fragmentos significativos da historia da literatura galega, utilizando os coñecementos sobre as formas literarias (xéneros, recursos literarios, versificación) e os distintos períodos, movementos e autores.

Competencias clave

- Comprender e valorar na súa integridade textos de distinta natureza, recollendo as ideas fundamentais en resumos, esquemas ou mapas conceptuais tras aplicar distintas estratexias e coñecementos de carácter lingüístico, sociolingüístico e pragmático. Ademais deben ser capaces de identificar a intención comunicativa dun texto (información, opinión ou persuasión) sendo quen de emitir xuízos críticos sobre el.
- Participar de forma activa, autónoma e con eficacia comunicativa en interaccións orais. Así mesmo, planificar e realizar exposicións orais sobre os temas mencionados integrando a información obtida da consulta e selección de diversas fontes de documentación e da utilización de diferentes recursos e estratexias. Valorarase a pronuncia e a entoación axeitada, a corrección gramatical, a fluidez, a presentación, a estrutura e o emprego do léxico adecuado á situación comunicativa, así como o uso dos elementos paralingüísticos oportunos.
- Ser capaz de comunicarse por escrito de forma planificada, ben sobre papel ben en soporte dixital; valorarase a presentación clara e ordenada, a corrección gramatical e o uso dun rexistro adecuado á situación comunicativa, a selección e presentación do tema e das ideas de xeito lóxico, así como a axeitada utilización de mecanismos de cohesión lingüística que doten a estas producións de certa entidade.
- Identificar o tema, estrutura formal e informativa e nivel de adecuación de diversos tipos de textos pertencentes a diferentes ámbitos de uso. Igualmente debe manexar o tipo de texto máis oportuno para cada situación comunicativa que se lle presente na súa vida cotiá.
- Transferir e aplicar de xeito reflexivo os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico co fin de mellorar a recepción de textos e a revisión e composición das propias producións.
- Adquirir un léxico receptivo que permita mellorar e ampliar a comprensión de textos de distinto tipo e grao de complexidade e verificar se o novo caudal léxico que se vaia adquirindo é comprendido, retido e reutilizado adecuadamente en producións propias cada vez máis elaboradas.
- Recoñecer nos textos a información que determinadas marcas lingüísticas proporcionan sobre a súa cronoloxía, a procedencia xeográfica do emisor, o grupo social a que pertence ou o contexto en que se producen. Así mesmo, aplicar estes coñecementos ás propias producións evitando, sobre todo, a utilización de interferencias de sistemas lingüísticos alleos.
- Ser consciente da situación lingüística actual e da súa problemática e ter capacidade para manifestarse de forma crítica e razoada sobre o tema.

Recoñecer prexuízos e valoracións pexorativas presentes nos usos lingüísticos evitándoos de forma consciente nas súas propias producións.

- Entender a lingua como un fenómeno social e diacrónico que explica a problemática actual do galego.
- Coñecer as claves da nosa historia literaria e comprender a produción literaria como un produto cultural situado nun contexto sociohistórico determinado.
- Ler, interpretar, analizar e valorar con espírito crítico textos e obras literarias utilizando coñecementos históricos e de análise de texto literario (xénero, estrutura, temática, recursos formais).
- Consultar e manexar de forma autónoma distintas fontes de información que lle permitan interpretar textos e obras literarias.

4.4. Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos e instrumentos que se utilizan na avaliación da aprendizaxe do alumnado e cos que se pretende obter información acerca do grao de consecución dos obxectivos propostos son os que seguen:

- Observación sistemática do traballo do alumnado nas diferentes situacións do traballo na aula, na casa, etc.
- Asistencia diaria e participación.
- Intervencións en clase (respostas a cuestións propostas, preguntas, dúbidas, saídas ao encerado para resolver exercicios...).
- Realización de tarefas propostas na aula.
- Realización de tarefas propostas como tarefas na casa. Estas actividades deberán entregarse no prazo establecido.
- Realización de probas escritas obxectivas:
- Probas escritas relativas aos contidos que se consideren oportunos. Sempre que sexa posible realizaranse dúas probas por avaliación.
- Realización de probas para o control de lectura.
- Análise dos traballos e actividades programadas.

4. 5. Mínimos esixibles

SEGUNDO DA ESO

Comunicación oral e escrita:

- Características xerais da comunicación oral e escrita.
- Exposición oral de textos sinxelos argumentativos e expositivos.
- Desenvolvemento de actividades de escoita activa.
- Comprensión de textos dos medios de comunicación e do ámbito académico.
- Lectura, recoñecemento e produción de textos sinxelos argumentativos e expositivos.
- Comprensión de textos da vida cotiá.

- Respecto polas normas básicas de conduta que rexen o intercambio comunicativo.
- Interese pola lectura como fonte de satisfacción persoal, de coñecemento e de información.

Funcionamento da lingua:

- Recoñecemento dos diferentes tipos de oracións segundo a actitude do falante (enunciativas, interrogativas...).
- Recoñecemento da oración simple e as funcións sintácticas máis importantes que nela aparecen.
- Coñecemento e uso do léxico referido ás relacións sociais (antroponimia, familia, actividade escolar, emprego e profesións, transportes e viaxes, medios de comunicación, etc.).
- Distinción de sinonimia e antonimia.
- Uso de dicionarios especializados e obras de consulta para buscar información e para a comparación, glosa e reelaboración de textos.

Literatura:

- Recoñecemento dos principais xéneros literarios.
- Recoñecemento dos recursos propios da lírica, a narrativa e a dramática.

CUARTO DA ESO

- Comprender textos (narrativos, expositivos, argumentativos e publicitarios) dos medios de comunicación.
- Comprender textos orais e escritos propios do ámbito académico: presentacións, enciclopedias, dicionarios e textos procedentes de fontes de información diversas.
- Analizar textos informativos e de opinión extraídos dos medios de comunicación e da internet.
- Analizar con espírito crítico textos dos medios de comunicación e desentrañar as mensaxes implícitas e explícitas que conteñen. Detectar nos textos analizados calquera tipo de discriminación e prexuízo, especialmente nos textos publicitarios e de opinión.
- Identificar e revisar a estrutura, a construción en parágrafos e a coherencia e progresión temática en textos argumentativos, tanto alleos coma propios.
- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais (CV, solicitudes, reclamacións...).
- Presentación orais e tamén escritas de textos propios sobre temas de actualidade, que supoñan unha elaboración persoal por parte do alumno e a utilización dos recursos propios dos textos expositivos e argumentativos traballados na aula.
- Comprender a situación actual do idioma galego e coñecer a lexislación que regulamenta o uso das linguas oficiais de Galicia.
- Identificar as principais variantes xeográficas do galego e integralas nun

- estándar global da lingua.
- Integrar as normas ortográficas, de puntuación, acentuación, maiúscula, siglas e acrónimos nas propias producións.
 - Identificar palabras homónimas, polisémicas e parónimas.
 - Identificar neoloxismos, préstamos, estranxeirismos e tecnicismos.
 - Coñecer as características fundamentais das diferentes etapas da literatura galega dos séculos XX e XXI e os autores máis destacados.

4. 6. Sistema e criterios de cualificación

Alcanzarase unha cualificación positiva en cada unha das avaliacións e na final, se o alumnado consegue superar os criterios de avaliación e mínimos esixibles. No grao de consecución dos criterios e obxectivos teranse en conta os instrumentos e procedementos de avaliación enumerados no apartado correspondente.

Todos os alumnos e alumnas deben ler unha obra literaria en cada avaliación. As lecturas serán acordadas no Departamento para cada nivel e para cada avaliación.

Avaliarase a comprensión da obra de lectura proposta por parte da alumna ou alumno a través dunha proba escrita ou oral; no nivel de Bacharelato ademais da comprensión da obra tamén se avaliará a reflexión crítica sobre a obra concreta. Nesta proba, o alumnado deberá obter un mínimo de cinco puntos de dez. Esta parte poderá recuperarse mediante a realización dun traballo ou proba escrita, a criterio do profesor ou profesora.

A superación dos controis e traballos deberá obterse de forma lícita. Polo tanto, o feito de copiar nun exame, permitir que outras persoas copien, levar teléfono móbil, auriculares, chuletas (aínda que non sexan usados) ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada inmediata do citado exame, obtendo un 0 na cualificación do mesmo, sen dereito a repetición antes de que acabe o trimestre, o que suporá a nota suspensa nesa avaliación. O profesorado tamén poderá rexeitar un exame ou traballo se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible.

- **2º de ESO**

Un **20%** da nota corresponderá á lectura proposta, dividida esta nota a partes iguais entre a elaboración dun diario de lectura e a realización dun traballo ou dunha proba escrita ou oral. No caso de non realizar os diarios ou a lectura, recuperárase como se indica nesta programación.

Os exames (polo menos dúas probas escritas por trimestre) terán un peso na nota da avaliación dun **40%**.

A expresión oral será avaliada mediante exercicios como exposicións, debates, traballos audiovisuais... e recibirá unha valoración do **10%**.

Ao longo do trimestre serán realizados diferentes traballos de carácter individual ou grupal e que inclúan o traballo sobre competencias de varios bloques, valorados no seu total cun **30%** da nota.

Estes traballos terán dous tipos de sistemas de puntuación:

1. Con rúbrica. Puntuaranse de 1 a 4.

Se ben a puntuación das actividades con rúbrica transformarán a súa puntuación pola súa equivalencia no sistema de 0 a 10, para permitir un sistema de cualificación coherente. As equivalencias que se seguirán son as que se marcan na seguinte táboa.

Táboa de equivalencias										
A. Con Rúbrica	1	1,36	1,71	2	2,3	2,7	3	3,3	3,7	4
	-	-	-	-	6	-	-	6	1	
A. Sen Rúbrica	1,35	1,7	1,99	2,3	-	2,9	3,3	-	3,9	10
	5	2,7	9	5	3,7	9				
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

As actividades con rúbrica terán puntuación “0” se non se realizan.

2. Actividades sen rúbrica: Puntuaranse de 0 a 10.

Lingua de uso na aula e cualificación:

- A lingua da clase de galego será o galego.
- Os exercicios, traballos e exames serán en galego a non ser que o profesor indique o contrario.
- Se unha persoa interacciona verbalmente noutra lingua (falando co profesor, falando cun compañeiro ou compañeira...) recibirá unha “falta de lingua”.
- Quen teña unha “falta de lingua” ten que traer unha frase feita ou un refrán en galego para a seguinte clase e explicar o seu significado. Despois, engadirá esa frase e o seu significado ao glosario do Edixgal, na sección de faltas de lingua.
- Ocasionalmente, esa frase ou refrán pode ser substituído por exemplos de vocabulario.
- O glosario será unha das preguntas do exame.
- Despois do exame, o glosario será borrado para comezar de novo.
- Se unha clase non comete faltas de lingua en **4 sesións**, borrarase aleatoriamente unha das entradas do glosario.
- Se unha persoa que cometa falta de lingua recusa pagala cunha frase, será considerado unha falta severa ás normas pactadas polo grupo e un

impedimento no decorrer da aula e da materia, supoñendo unha penalización de 0,5 puntos na sección de “traballos” da cualificación.

- **4º de ESO**

Realizaranse alomenos dous exames por trimestre, que terán un peso na nota da avaliación dun **60%**. O traballo diario (deberes encomendados para a casa, organización do caderno de clase, participación nas aulas ou traballos encomendados paralelamente aos desenvolvemento das aulas) terá un peso dun **20%** na nota global. A expresión e comprensión oral valorarase cun **10%**. A lectura e avaliación positiva das obras de lectura propostas contarán tamén un **10%**.

- **BACHARELATO**

Os exames contarán un 80% dentro da nota da avaliación, a avaliación da lectura terá un peso dun 10% e a expresión oral tamén un 10%.

En todas as probas escritas, dos diferentes niveis, teranse en conta as faltas que se cometan e terán a penalización seguinte, ata un máximo de 2 puntos:

- Moi graves: aquelas solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono). Descontaranse 0,2 puntos.
- Graves: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y...). Acentuación diacrítica... Desconto 0,1 puntos.
- Leves: solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

4. 7. Avaliación final.

Dado que a nosa materia é de contidos progresivos, a avaliación deberá ser unha avaliación continua, polo que os procesos de recuperación da materia ao longo do curso iranse realizando na medida en que se vaian superando as dificultades detectadas nas avaliacións precedentes. Con todo, farase unha proba de recuperación da 1ª e 2ª avaliación unha vez iniciados o 2º e 3º trimestre respectivamente. No caso da última avaliación, farase unha proba de recuperación sempre e cando só haxa como máximo 2 trimestres suspensos. É dicir, a 3ª e unha das recuperacións anteriores ou, no caso de ter aprobada a 3ª, a(s) recuperación(s) suspensa(s).

No seu caso esixirase a entrega de actividades relacionadas co libro de lectura a aqueles alumnos que ao longo do curso non demostraron ter realizado unha lectura comprensiva e suficiente dos mesmos como condición indispensable para aprobar.

5. AVALIACIÓN INICIAL

As actividades que se realicen durante as primeiras dúas ou tres semanas do curso irán encamiñadas á realización da avaliación inicial nos diferentes cursos da ESO. A data de avaliación será a que estableza a dirección do centro. Estas actividades permitirán comprobar, fundamentalmente, a competencia do alumnado nos seguintes aspectos:

- Comprensión oral e escrita
- Expresión oral e escrita

Estas probas incluírán:

- Proba de lectura en voz alta dun texto descoñecido para o alumnado, a través da cal podemos detectar os problemas que afectan a entoación, lectura expresiva, respecto aos signos de puntuación, problemas de articulación dos distintos fonemas, rapidez e axilidade na lectura, etc.
- Proba de comprensión de textos orais e escritos.

Estas actividades serán varias e variadas coa fin de que esta avaliación inicial non se reduza a unha mera comprobación de coñecementos do alumnado senón do manexo efectivo da lingua.

Tendo en conta os resultados desta avaliación inicial tomaranse as medidas oportunas de adecuación de contidos, obxectivos, etc. tomando como punto de partida os datos obtidos da mesma. Estes datos seránlle transmitidos ás familias a través da titoría.

6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Os profesores e profesoras do Departamento de Lingua e Literatura Galegas do IES Coruxo entendemos que o proceso de ensino-aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por eles mesmos.
- Favorecer situacións en que os alumnos e as alumnas actualicen os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que resulten motivadoras.

Polo tanto, os principios que orientan a nosa práctica son os seguintes:

- Metodoloxía activa, que supón atender aspectos intimamente relacionados, referidos ao clima de participación e integración do alumnado no proceso de aprendizaxe e favorecer a integración activa dos alumnos/as na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes así como a participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Motivación, que consideramos fundamental, a partir dos intereses, das demandas, das necesidades e das expectativas do alumnado.
- Atención á diversidade do alumnado. Un dos principios básicos a defender consiste en ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os distintos intereses. Favorecer o traballo en grupo na medida en que as actividades propostas o permitan consideramos que é unha

medida eficaz de atender a diversidade.

7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA INCIDINDO NO IMPULSO DA AUTONOMÍA PERSOAL NO BACHARELATO

A metodoloxía didáctica que se seguirá co alumnado de bacharelato non diferirá dos principios expostos no apartado anterior (metodoloxía activa, motivación e atención á diversidade). Porén, debemos ter en conta unha serie de factores que fan diferente esta etapa da educación das anteriores: a non obrigatoriedade, a idade do alumnado e o seu grao de madurez. Estes factores determinarán que se teña que incidir, nesta etapa, nos aspectos que profundicen nunha maior autonomía e implicación do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe.

O labor do profesorado permitirá que o alumnado se enfrente a tarefas nas que deberá exercer a súa autonomía e actuar como protagonista no proceso de aprendizaxe, sempre, claro está, desempeñando o labor de guía dirixindo ao alumnado e axudando a solucionar os posibles atrancos ou dificultades que este poida atopar no desenvolvemento das tarefas propostas.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para dar unha cumprida resposta á diversidade que se atopa nas aulas, teranse en conta aqueles contidos nos que os alumnos amosan un nivel menos homoxéneo.

Debemos ter en conta que non todos os alumnos adquiren coa mesma intensidade e rapidez os contidos tratados. Por iso debe asegurarse un nivel mínimo para todos os alumnos e a oportunidade para recuperar o non adquirido no seu momento. Esta función pode ser desenvolvida con actividades e material complementario que xa acompaña os libros de texto dos diferentes cursos e por outras actividades que debe ir elaborando ao longo do curso o propio departamento.

A atención á diversidade está tamén na base de determinado tipo de actividades, como son as de investigación ou ampliación. Estas favorecen as técnicas de traballo autónomo e permítenlle a cada alumno aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitados ás súas características individuais.

De entre as diversas formas de atención á diversidade que se contempla, este departamento aplicará aquelas que se refiren a adaptacións curriculares non significativas, e dentro destas, aos aspectos que se refiren á utilización de metodoloxías diversas, actividades de reforzo e ampliación e uso de material didáctico complementario.

- Metodoloxías diversas: consideramos que son un recurso para introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia dos distintos graos de coñecementos previos que se detecten nos alumnos ou simplemente como prevención das dificultades.
- Actividades de reforzo e ampliación: usaranse en casos de alumnos que manifesten algunha dificultade para traballar determinados contidos,

axustando o grao de complexidade da actividade ás súas posibilidades. Isto implica unha dobre esixencia: determinar que contidos son fundamentais e cales son complementarios. Unha vez establecidos confeccionarase un número abondo de actividades para cada un dos contidos considerados como fundamentais con distintos niveis de complexidade.

- A utilización de material didáctico complementario: permite axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ás diferenzas individuais dos alumnos. Con este tipo de material perséguese consolidar os contidos que presentan un maior grao de dificultade; practicar habilidades instrumentais ligadas aos contidos; enriquecer o coñecemento de temas polos que os alumnos mostran interese e ampliar e afondar en temas de especial relevancia para o desenvolvemento dos contidos.
- Medidas de enriquecemento curricular: usaranse sobre todo con alumnado de altas capacidades e permitirán substituír actividades rutineiras que o alumnado xa ten conseguidas por outras que afonden nos contidos, fundamentalmente nos procedimentais. Esta opción conleva a preparación de propostas máis complexas e eliminación das máis básicas.
- Ampliación por proxectos: partindo dos intereses do alumnado poderase traballar a distintos niveis de profundidade e acceder a diversas formas de información. Ademais permite a integración de diferentes alumnos/as en función dos seus niveis de competencias.

9. PLANS DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES NA ESO

A recuperación dos/as alumnos/as coa materia pendente de cursos anteriores estará supervisada pola xefa do departamento en colaboración cos profesores que impartan a materia no presente curso a ditos/as alumnos/as. Co obxecto de facilitarlle ao alumnado a superación da materia do curso anterior, o departamento proporalle plans de traballo elaborados polos profesores do presente curso en coordinación coa xefatura do departamento. A elaboración das tarefas encomendadas serán seguidas polo profesor que no presente curso imparte a materia. O desenvolvemento satisfactorio dos traballos propostos e a consecución dos obxectivos fixados poderá implicar a superación da materia pendente sen ter necesidade de realizar as probas obxectivas.

Aínda así, establecerase, en coordinación coa xefatura de estudos, unha proba obxectiva de avaliación no mes de maio, para aqueles alumnos que polas circunstancias que foren, non consigan superar a materia cos procedementos anteditos.

As familias do alumnado terán información das cualificacións obtidas, que figurarán no boletín de notas que se entregan ao finalizar cada unha das avaliacións ordinarias.

10. MATERIAS PENDENTES NO BAC

Dado que a situación do alumnado que comeza 1º de bacharelato impide que teñan materias pendentes, o traballo irá encamiñado a detectar e solventar as

deficiencias que, a pesar da suposta homoxeneidade esixida para acceder ao bacharelato, se produzan en canto a ritmo e nivel na aprendizaxe. Para iso aplicaremos as medidas que se contemplan no apartado de atención á diversidade coa fin de evitar redundancias innecesarias nesta programación

Aqueles alumnos de segundo de bacharelato que teñan a materia pendente do curso anterior, serán avaliados segundo unha serie de probas obxectivas que se realizarán antes da avaliación de cada un dos trimestres para que poida figurar no boletín de notas a correspondente ao parcial da materia pendente.

Ademais terán dereito á realización de dúas probas finais, unha no mes de maio e outra no mes de xuño, se de ningunha das maneiras anteriores fosen quen de aprobar a materia.

As familias do alumnado terán información das cualificacións obtidas, que figurarán no boletín de notas que se entregan ao finalizar cada unha das avaliacións ordinarias.

11. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR NA ESO.

O noso Departamento establece un seguimento continuo do alumnado repetidor a través de reunións destes co/a profesor/a que lles imparte a materia no curso actual. Delas saíran unha lista de conceptos que deben preparar e unha batería de exercicios que deben realizar e entregar regularmente ao profesorado correspondentes para seren corrixidos e valorados.

Estas reunións serán periódicas aínda que terán certa flexibilidade que as faga compatibles coas demais obrigas do alumnado, tanto de clases como de actividades extraescolares. En cada reunión fixarase a data da seguinte.

Pola natureza da nosa materia resula fácil e práctico reforzar a materia pendente durante as clases do curso de referencia.

Obviamente, todo o profesorado deste Departamento está a disposición deste alumnado para a resolución de calquera dúbida ou conflito que puidera xurdir, ben na aula durante a propia clase, ben nunha cita expresa no recreo ou cando os horarios do profesorado e alumnado o permitan.

Do mesmo xeito, ademais do material que se lles proporciona nas reunións, a disposición dos alumnos que o soliciten ou necesiten está todo o material de reforzo do Departamento: cadernos de ortografía, exercicios básicos de morfoloxía, sintaxe, etc.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este curso, debido ás restriccións impostas pola pandemia, non programamos ningunha actividade, aínda estando abertos a participas naquelas que sexa posible e permitan as condicións sanitarias en cada momento.

13. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Este departamento contribúe ao plan lector de dúas maneiras diferentes, unha xeral e outra particular. De maneira xeral, participando en todas as actividades

de fomento da lectura que se están a desenvolver no centro, como son a elaboración do plan lector de centro e a dinamización da biblioteca ou a participación na formación dun club de lectura, etc. De maneira particular, recomendando a lectura de obras literarias nos diferentes cursos, tanto da ESO como de Bacharelato, xa que se consideran actividades obrigatorias para obter unha cualificación positiva na nosa materia.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

O profesorado de lingua galega utiliza e fomenta a utilización das TIC no desenvolvemento das aulas poñendo a disposición do alumnado todos os recursos ao seu alcance para achegarlle páxinas, blogs e ferramentas relacionadas coa nosa cultura, así coma os instrumentos para unha mellor utilización da lingua, tales como dicionarios dixitais, correctores ortográficos, etc.

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Segundo o plan de convivencia existente no centro elaborado polo observatorio de convivencia, as profesoras seguimos todas aquelas directrices que emanan de dito documento en todo o relativo a cuestións de convivencia no centro e nas aulas. Ademais sempre que sexa posible, no desenvolvemento das nosas aulas utilizaremos materiais que nos permitan abordar ou previr todos aqueles temas que poidan redundar neste aspecto tan importante da vida escolar.

16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE FORMACIÓN EN VALORES

Trataremos de colaborar fomentando a formación en valores a partir de:

- a) O fomento da autonomía dos alumnos.
- b) O respecto.
- c) As relacións que acepten o diferente, estimulen a empatía, favorezan a aceptación de normas e fomenten o diálogo e a tolerancia.
- d) A participación a través da crítica construtiva, a toma de decisións consensuadas e a adquisición de compromisos.

17. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Nos cursos de 1º e 2º de ESO o material estará constituído basicamente polos libros de texto da plataforma **Edixgal**. En 3º e 4º de ESO, así como no Bacharelato, o material de referencia será o libro de texto editado pola editorial Anaya.

Ademais utilizaranse outros materiais fornecidos polo profesorado adecuados a aqueles temas que se estean traballando, que será completado con material diverso e en distintos soportes.

18. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Este Departamento considera tan necesaria como a avaliación dos procesos de ensino-aprendizaxe e da práctica docente, a avaliación da programación didáctica e para iso consideramos que a programación deberá cumprir os seguintes obxectivos:

- Adecuarse aos outros documentos do centro: PEC, PCC, etc.
- Adecuarse ao currículo no que se refire aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación con respecto ás características e necesidades do alumnado do contorno.
- Ter en conta as aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- Observar o nivel de desenvolvemento das competencias básicas.
- Observar o nivel de desenvolvemento da programación.
- Analizar as actividades e a metodoloxía utilizada.
- Analizar as medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Observar os instrumentos e procedementos de avaliación.
- Analizar a organización da aula, as dinámicas , a motivación e o clima da mesma.
- Fomentar a utilización das TIC.
- Desenvolver o proxecto lector.
- Observar a relación entre profesorado e alumnado.
- Fomentar a cooperación e coordinación entre o profesorado.
- Fomentar a convivencia entre o alumnado.
- Facilitar a relación e vinculación coas familias.

19. MODIFICACIÓN DA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR

As modificacións con respecto á programación do ano anterior foron as relativas a todas adaptacións relacionadas coa COVID-19 e ás modificacións en canto ao sistema de ensino que acarrexou numerosos cambios nos hábitos educativos debido ao amplo número de alumnado que debeu permanecer confinado por ter contraído a Covid ou ter sido contacto estreito con algún enfermo.

Este curso, ao non existiren xa protocolos en relación coa pandemia, non rexistramos ningún outro cambio significativo.

IES Coruxo 15 de setembro de 2022